

DOUS NORMANDOS

No fresco vran nórdico de 1971, consultando o ficheiro da Biblioteca Nacional de Copenhague, á percura do *Altnordisches Leben* de Karl Weinhold (1856), batín cun título hastra aquela por min ignorado e que dada a miña curiosidade e interés pola antiga cultura escandinava, o anotei para pedigo deseguida no servizio de préstamos e lectura. O autor era Thomas B. Wright e o libro titulábase *Viking culture*, publicado en Londres en 1905. Antes de decidir se iba lelo ou non, como para tentalo, abríu aquí e alá, un pouco ao que saíra. O capítulo segundo estaba enteiro dedicado á descripción das mais importantes batallas protagonizadas polos bravos guerreiros do norte. Os feitos de armas dos vikingos por terras de Islandia, Irlanda, Escocia, Inglaterra, Groenlandia, Normandía, Portugal, Galicia e outros países, aparecían ali cumplidamente resenfiados, con profusión e alarde de detalles, non sei se debidos a un paciente labor calado de esculca nos arquivos ou á fantasia unha migalhada e irresponsable do autor, que nunha prosa desmaíadamente arcaica se empeñaba na arriscada tarefa de imitar a frescura inimitable da lingua épica das sagas. Irritado cun procedemento literario tan torpe iba pechar o libro, cando por entre a fraguiza espesa de tantos nomes de grafía espiñenta apareceu-me limpo diante dos ollos un nome conocido, Cervo, e seguin lendo.

Na descripción da batalla habida nesta pequena localidade do norte da provincia de Lugo a mediados do século X, di Wright que no momento de atacar, os normandos mordían os escudos e ouveaban, que mais de trinta se convertiron en lobos e que os que conservaron a figura humana eran tan grandes e fortes que cada un deles facía por tres dos outros e que as espadas se multiplicaban soias no aire para tronzar as cabezas cristianas. Un *berserker* chamado Torbjörn, de aspecto fero e imponente como un oso, matou el soío a mais de cen enemigos, bebeu o sangue dos mortos no corno do hidromel e

acabou cometendo sacrilegio ao entrar na igrexa parroquial e rebanarlle a cabeza dun tallo a un fraude que alí estaba en oración.

A beira do duro Torbjörn pelexaba o seu conveciño Orm, fillo de Grani, que trataba aos enemigos con certa consideración. Contentábase con cortar algún brazo, quebraba as pernas cun certeiro golpe de lanza, atravesaba os muslos pola cara de fóra, raspillaba a pel dos ombreiros cunha pequena migia de carne e outras feridas semellantes, todas elas con moito aparato de sangue, pero ningunha mortal de verdade. Por eso cando coa axuda de San Gonzalo os nativos acabaron por tornar aos normandos, decidiron en consello que a morte destes dous guerreiros apresados no intre de se afundir o seu lixeiro drakkar fuxitivo, fora tamén diferente. De primeiras, a Torbjörn condenárono ao mesmo castigo do bispo Ataulfo, aquel que fora acusado de sodomía por tres criados e que foi exposto á acometida dun touro bravo azulado por unha duzia de cans. Vendedor da proba o vikingo, pasou logo ás mans do verdugo, pero aquel cabalo resultou difícil de matar. Doblou sete espadas polo medio e agotou o brazo de tres homes, tan dura tiña a carne do pescoco. Cando por fin conseguiron atinarlle nunha parte débil, morreu, pero foise deste mundo atronando aos asistentes con terribles gargalladas que espantaban. Orm, en cambio, a quen se lle fixo gracia da proba do touro, morreu sen dar traballo. Aínda ben o xeado fío do machete non chegara a rozar a sua branca pel de neve, cando xa a sua cabeza se despegou soña do resto do corpo e foi bater silenciosa contra o chan, sin gargalladas nin outros ruidos de escándalo.

De mortos tamén Torbjörn e Om foron ben distintos. O primeiro resultou un sinvergonza, que durante anos se dedicou a moles-

tar aos veciños. De noite andaba a cabalo polos tellados, con gran estropicio; fixose amigo do peor lobo da comarca e papou dez bois en menos dunha semana; incendiaba méses e palleiros; erguíalle a roupa ás mozas e como un vento tolo metíasselle entre as pernas; dormía coas casadas que tiñan aos homes lonxe e empreñábaas a traición, sin que elas souberan nada; a unha vellíña que se lambíña polos remedios feitos a base de viño e de mel, bebiálle o viño e chucháballé o mel. En punto a comida non había cousa que lle chegara. Roubaba porcos enteiros, arrincaba as mazairas de raíz e cavaba leiras de patacas sin deixar nin a proba para a semente.

Con todo esto, Torbjörn acabou sendo persoal mal vista na parroquia. Cando saíña na Compañía, os compadres de procesión dábánlle couces e carrachos e chamábanlle besta brava polo baixo. Cada vez que o viñan, os veciños desta vida acantázabano e empurrábanle os cans. Por tantos pecados, permitiu Deus Noso Señor que lle viñera unha segunda morte, e un dia atopárono a medio enterrar nun cruce de camiños, coa cara comida polas alimarias do monte e un ollo cheo de avésporas. De alí a pouco xa mandou recado por un ladrón que fora axusticiado en Mondoñedo de que estaba condenado e que tiveran a bondade de non lle aumentar a pena con maldicións por tanto mal como fixera.

Pola contra, Orm foi sempre bon e xuicioso. Tornáballe as vacas aos veciños que llo pedían, avisaba da chuvia e as xeadas, coi-

daba dos nenos, rozaba as touzas e apañaba as patacas, acomodaba o gando nas cortes, cocinaba, empanaba difuntos, daba recados... A un labrego de Vilaestrofe que tiña unha vaca que non quería boi, fixolle o favor de montarlla el mesmo. Ao Cego de Cuiña contáballe contos tódalas noites diante do lume para lle matar o tempo. A un zapateiro de Cordido fixoselle cargo dunhas febres temidas que o iban levando cara a tumba. A unha muller marafalleira de Burela que andaba sempre enrabetada cambioulle o xenio, ensinoua a rir por todo e deulle ledicia para o resto dos seus días. Por eso tódolos veciños da comarca miraban ben a Orm e chorárono durante mais de trinta anos. Deus Noso Señor, en premio a tanta virtude e bondade, concedeuelle a gracia de vivir por segunda vez nas súas neboentas terras do norte. De cómo lle foi por alá xa non di nada Thomas B. Wright.

CARLOS CASARES (*Xinzo de Limia, 1941*). *Mora en Cangas*.

Profesor de língua e literatura españolas.

Novela e conto: *Vento ferido*, *Cambio en tres*, *Xoguetes pra un tempo prohibido*.

Ilustrísima, *Os escuros soños de Clío*.

Para nenos: *A galinha azul* (conto), *As laranxas más laranxas de todas as laranxas* (teatro). Tradutor do francés: *O Principiño*.

